



Dirección Xeral para o Deporte



Formacións Deportivas do Período Transitorio

Curso de Adestrador de Nivel I: Bloque Común

2ª edición. Novembro de 2008

1. Introducción

A Escola Galega do Deporte organiza o Bloque Común do Curso de Adestradores de Nivel I. Unha vez completado co Bloque Específico e o Bloque de Prácticas que ofertan as distintas federacións deportivas galegas, permite acadar o diploma de Adestrador de Nivel I nunha modalidade deportiva determinada.

2. Programación

	mañá	tarde
14 nov (venres)	---	Presentación do curso Comportamento e aprendizaxe
15 nov (sábado)	Comportamento e aprendizaxe	Fundamentos biolóxicos: Anatomía e Fisioloxía
21 nov (venres)	---	Organización e lexislación do deporte galego
22 nov (sábado)	Fundamentos biolóxicos: Anatomía e Fisioloxía	Fundamentos biolóxicos: Anatomía e Fisioloxía
28 nov (venres)	---	Teoría e práctica do adestramento deportivo
29 nov (sábado)	Teoría e práctica do adestramento deportivo	Teoría e práctica do adestramento deportivo Exame

Venres: 16:30 a 21:30 h. Sábados: 9:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 21:00 h.
O 14 de nov, primeiro día do curso, comezarase ás 16:00 h.

3. Lugar

Santiago de Compostela, no salón de actos da Dirección Xeral para o Deporte (Estadio Multiusos de San Lázaro).

4. Requisitos de acceso

- ter feitos os 16 anos no momento da inscrición.
- posuír o título de Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente a efectos académicos.

Excepcións: os/as solicitantes que non posúan o título de ESO, pero que teñan feitos os 17 anos no momento da inscrición, poderán acceder a este curso mediante a superación da "proba de madurez" (exame sobre coñecementos e habilidades relacionadas cos obxectivos da ESO) que convoca anualmente a Consellería de Educación e OU.



Dirección Xeral para o Deporte



5. Validacións:

A EGD unicamente validará algunha das materias do Bloque Común mediante a xustificación de posuír determinados títulos académicos vinculados á actividade física e deportiva. Así, os/as solicitantes que posúan as seguintes titulacións, unicamente terán que cursar e examinarse do que non se lles valida:

	Fundamentos biolóxicos	Comportamento e aprendizaxe	Teoría e práctica do adestramento	Organización e lexislación
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	validado	validado	validado	validado
Diplomatura en Educación Física e Mestres Especialistas en Educación Física	validado	validado	validado	---
Ciclo Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas	validado	---	validado	---
Ciclo Medio en Condución de Actividades Físico-deportivas no Medio Natural	validado	---	---	---

O Bloque Específico e o Bloque de Prácticas poderán ser validados, total ou parcialmente, cas formacións deportivas federativas que se teñan cursado no pasado. A solicitude debe facérselle ás federacións cando convoquen os seus cursos.

6. Avaliación

Haberá que superar un exame final, así coma asistir a un mínimo do 80% das horas.

7. Materias

- Fundamentos biolóxicos (15 horas)

Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos da anatomía humana, con especial atención ao aparato locomotor e ao sistema cardiovascular
- Coñecer coa terminoloxía básica das ciencias biolóxicas, en especial a empregada habitualmente no deporte
- Comprender o funcionamento do organismo humano e a súa adaptación ao exercicio físico.

Contidos

- Elementos básicos de anatomía humana, con especial atención ao aparato locomotor e cardio-respiratorio
- Elementos básicos de fisioloxía, con especial referencia ao exercicio físico

- Teoría e práctica do adestramento deportivo (15 horas)

Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos do adestramento deportivo.
- Coñecer as bases da teoría da adaptación ao adestramento.
- Coñecer as calidades físicas básicas en relación co rendemento deportivo.
- Coñecer os métodos básicos para o desenvolvemento das calidades físicas.
- Identificar un núcleo básico de exercicios coas calidades que desenvolven.

Contidos

- O adestramento. Consideracións básicas
- Os obxectivos e medios do adestramento. Consideracións xerais.
- O quecemento. Funcións. Metodoloxía
- Sistemas básicos para o desenvolvemento de calidades físicas

- Organización e lexislación do deporte (5 horas)

Obxectivos

- Coñecer a estrutura e organización básica do deporte en Galicia e no Estado.

Contidos

- Organización deportiva do Estado e de Galicia
- Competencias das administracións públicas no eido do deporte
- Competencias das federacións deportivas galegas e os clubs deportivos.



Dirección Xeral para o Deporte



ESCOLA GALEGA
DO DEPORTE

- Comportamento e aprendizaxe (10 horas)

Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos da psicoloxía do desenvolvemento, con especial atención á evolución dos intereses, personalidade, psicomotricidade, intelixencia, etc, dos rapaces e adolescentes.
- Coñecer os factores que melloran o proceso de adquisición das habilidades deportivas.
- Coñecer o papel que xoga o técnico deportivo na adquisición de destrezas e mañas deportivas
- Coñecer os métodos e sistemas de ensinanzas das mañas deportivas

Contidos

- Introducción á psicoloxía evolutiva. A súa relación coa iniciación e ensinanzas deportivas.
- Conceptos básicos sobre a organización e funcionamento dos grupos deportivos.
- Aprendizaxe do acto motor.
- Avaliación da ensinanza-aprendizaxe da actividade física.

8. Inscripción

Prazo: ata as 14:00 h do día 10 de novembro.

Modo: mediante o envío da documentación por fax ou correo electrónico; tamén pode presentarse en man no rexistro da Dirección Xeral para o Deporte en Santiago de Compostela. Non se aceptarán as solicitudes presentadas noutros rexistros diferentes deste, nin as que non teñan toda a documentación aquí requirida.

Documentación:

- instancia de inscrición debidamente cuberta.
- copia do DNI.
- copia do título de ESO ou equivalente, ou documento xustificativo de estar cursando estudos superiores á ESO.
- os/as que desexen obter algunha validación do curso, deberán presentar copia da titulación que acrediten.

No primeiro día de celebración do curso, deberase entregar copia compulsada dos puntos **c** e **d**, de selo caso.

9. Procedemento de admisión

Lista de admitidos/as: o 11 de novembro publicarase na web www.deportegalego.eu o listado cos/as alumnos/as admitidos/as ao curso. Tamén se publicará unha lista de reserva, cuxos membros serán convocados no caso de producirse algunha vacante.

Formacións Deportivas do Período Transitorio

INFORMACIÓN XERAL

Ca entrada en vigor do *Real Decreto 1913/1997* establécense como Ensinanzas de Réxime Especial as conducentes á obtención de titulacións de Técnicos Deportivos. Dálles validez académica e profesional, e son equivalentes a todos os efectos cos correspondentes grados de Formación Profesional aos que se refire a LOGSE. Isto é así nas modalidades deportivas que cumpran cos requisitos (horas lectivas, contidos, profesorado, instalacións,...) que se establecen para todas as ensinanzas da Formación Profesional.

Ante a dificultade de adaptación que puidesen ter as federacións, estableceuse, ata a implantación das novas titulacións, un **Período Transitorio** regulado pola *Orde ECD/3310/2002*. Este Período Transitorio representa un proceso de transición entre as formacións deportivas que tradicionalmente realizaban as federacións deportivas (exemplo: monitor, adestrador rexional, adestrador nacional,...) e as novas ensinanzas deportivas de réxime especial reguladas polo *Real Decreto 1913/1997*.

No ano 2007 publícase o *RD 1363/2007, de 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial*, que ven a solucionar parte das dificultades detectadas dende a entrada en vigor do *RD 1913/1997*. Flexibiliza estas ensinanzas e establece unha carga horaria mínima de 1000 h para obter a titulación de Grado Medio e de 750 h máis para o Grado Superior.

Así, a día de hoxe hai 2 tipos de formacións deportivas autorizadas pola Administración:

1. As que autoriza a *Consellería de Educación e O.U.*: son as Ensinanzas Oficiais

Unha vez que as formacións dunha federación están totalmente adaptadas ás normas xa citadas, pasan a formar parte das Ensinanzas Oficiais da Formación Profesional, cas que se obtén o título de Grado Medio ou de Grado Superior na modalidade deportiva correspondente. Pódense impartir en centros públicos ou privados.

Actualmente son 7 as modalidades deportivas que están adaptadas: atletismo, baloncesto, balonmán, deportes de inverno, deportes de montaña, fútbol e fútbol-sala.

As formacións de adestradores feitas polas federacións destas modalidades, con anterioridade ao 15 de xullo de 1999, poderán ser obxecto de homologación, validación ou equivalencia a efectos profesionais. Este procedemento está regulado polo *Ministerio de Educación e Ciencia*, e as solicitudes deben dirixirse ao *Consejo Superior de Deportes*.

2. As que autoriza a *Dirección Xeral para o Deporte*: son as Formacións do Período Transitorio.

As federacións que aínda non se adaptaron totalmente á nova normativa, e polo tanto non teñen ensinanzas de Formación Profesional, están no Período Transitorio. Os cursos organizados por estas federacións deben contar ca autorización administrativa da *Dirección Xeral para o Deporte*.



Dirección Xeral para o Deporte



Conducen á obtención dun diploma acreditativo de ter superada a formación de adestrador deportivo de Nivel I, Nivel II e Nivel III (o que no pasado normalmente denominábase Monitor, Adestrador Rexional e Adestrador Nacional).

Estas formacións do Período Transitorio estrutúranse da seguinte forma:

- **Bloque Común:** contidos de carácter científico xeral.
- **Bloque Específico:** contidos relacionados cos aspectos técnicos, tácticos, didácticos, regulamentarios e outros propios de cada modalidade deportiva.
- **Bloque de Prácticas:** realizarase tras superar os bloques común e específico.

	Nivel I	Nivel II	Nivel III
Bloque Común	45 h	70 h	100 h
Bloque Específico	75 h	210 h	300 h
Bloque de Prácticas	150 h	200 h	200 h
	270 h	480 h	600 h

As federacións poden organizar cursos do Nivel I, II e III no que se impartan o Bloque Común, Bloque Específico e Bloque de Prácticas. Pero, ao ser o Bloque Común idéntico para todas as federacións, a Escola Galega do Deporte oferta a realización de cursos de dito bloque. Así, as federacións poden unicamente ofertar o Bloque Específico e o de Prácticas.

Ca superación dos cursos da Escola Galega do Deporte expídese un certificado que unicamente é válido para acreditar, ante unha federación deportiva, a superación do Bloque Común do Curso de Adestrador do nivel que corresponda.

Para lograr o diploma de Adestrador do nivel que corresponda, deberase superar tamén o Bloque Específico e o de Prácticas convocado por unha das federacións deportivas galegas que se atope no período transitorio, e que conte ca autorización administrativa da Dirección Xeral para o Deporte para a celebración do curso.

Estas son as federacións deportivas galegas que se atopan no Período Transitorio, e que polo tanto poden impartir cursos autorizados pola Dirección Xeral para o Deporte:

Activ. Subacuáticas	Ciclismo	Halterofilia	Patinaxe	Surf
Aeronáutica	Colombofilia	Hípica	Pelota	Taekwondo
Automobilismo	Columbicultura	Hóckey	PM e Triatlón	Tenis
Bádminton	Dep. Minusv. Físicos	Judo e D.A.	Pesca e Cásting	Tenis de Mesa
Béisbol e Sófbol	Dep. Minusv. Psíquicos	Kárate e D.A.	Petanca	Tiro con Arco
Billar	Deportes para Xordos	Kung Fu	Piragüismo	Tiro Olímpico
Bolos	Esgrima	Loita	Remo	Vela
Boxeo	Espeleoloxía	Motociclismo	Rugby	Voleibol
Caza	Esquí Náutico	Motonáutica	Salv. e Socorrismo	Xadrez
Chave	Golf	Natación	Squash	Ximnasia

Unha vez que a modalidade deportiva se adapte á Formación Profesional, as formacións que foron realizadas no Período Transitorio poden obter a validación correspondente. O Bloque Común terá a consideración de *Ensinanza Oficial*. O Bloque Específico e o de Prácticas poderán obter un recoñecemento a efectos de correspondencia formativa cas Ensinanzas Oficiais. A superación dos 3 niveis poderá dar lugar á equivalencia profesional que corresponda.